

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN DE LUGO

Anuncio:

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2023, POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXIRÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

BDNS (identif): 693186

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da modificación das bases reguladoras cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Modificar a base **7. Gastos subvencionables**, apartado 2) do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023, de forma que:

Onde di:

"2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 31 de decembro de 2023.

Debe dicir:

"2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 15 de abril de 2024.

Modificar a base **13. Xustificación e aboamento das subvencións**

Onde di:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 29 de febreiro de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Debe dicir:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 15 de xuño de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.